

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA E TELEMÁTICA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 27 DE MAIO DO 2021.****Sesión 07/2021-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día xoves 27 de maio do 2021, baixo a presidencia do sr. Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnense por vídeo-conferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación (escusa a súa falta de asistencia D^a. Isabel Reimúndez Suárez - BNG), co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria e telemática prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
---	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario e Telemático do Concello de Sada, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 06/2021).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 06/2021, do 29/04/2021.

Non habendo intervencións, queda aprobada por unanimidade dos presentes (16 votos), con esa corrección, a acta da sesión núm. 06/2021, do 29/04/2021, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**2º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 09/2021. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/21.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 05/2021, do 24 de maio, que recolle:

<<Modificación de crédito 09/2021. Crédito extraordinario 01/21

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 09/2021, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 1.578.398,48 €.

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
132.22104	Seguridade. Vestiario	6.817,14
135.21200	Protección civil. Conservación edificios	4.279,56
132.22199	Protección civil. Outras subministracións	1.869,45
135.22104	Protección civil. Vestiario	658,85
135.22199	Protección civil. Outras subministracións	4.017,63
135.62500	Protección civil. Mobiliario	1.741,86
135.63200	Protección civil. Investimento de reposición en edificios	10.782,31
151.22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	568,70
1532.21000	Vías urbás. Conservacións	5.541,09
160.21000	Saneamento. Conservación	1.996,50
160.61900	Saneamento. Investimento de reposición	96.000,00
163.22715	Limpeza viaria. Servizo de limpeza	35.929,34
163.62500	Limpeza viaria. Mobiliario	5.136,06
165.61900	Alumeado público. Investimento de reposición	101.285,68
171.60900	Parques e xardíns	4.375,97
171.61900	Parques e xardíns. Investimento de reposición	16.993,44
1722.22104	Praias. Vestiario	6.999,01
1729.60000	Outras actuacións medioambiente. Terreos	149.352,00
2310.62100	Asistencia social.	731.722,54
2411.62500	Centro formación. Mobiliario	14.000,00
326.48011	Actuacións complementarias de educación. Subvencións transporte	9.260,00
326.48013	Actuacións complementarias de educación. Subvencións material	2.400,00
337.63200	Instalacións de ocio. Investimento en edificios	76.742,35
342.62200	Instalacións deportivas. Edificios	249.199,50
432.62300	Turismo. Maquinaria	17.800,00
453.61900	Camiños. Investimento de reposición	12.644,50
9201.62300	Brigada de servizos. Maquinaria	10.285,00
TOTAL		1.578.398,48

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	1.578.398,48
TOTAL		1.578.398,48

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor

Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis oportuno>>.

Debátese o asunto coa intervención da sra. Taibo Fernández (SM), do sr. Blanco Montero (PSOE), da sra.



García Freire (PP) e do sr. Alcalde.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 09/2021, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 1.578.398,48 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
132.22104	Seguridade. Vestiario	6.817,14
135.21200	Protección civil. Conservación edificios	4.279,56
132.22199	Protección civil. Outras subministracións	1.869,45
135.22104	Protección civil. Vestiario	658,85
135.22199	Protección civil. Outras subministracións	4.017,63
135.62500	Protección civil. Mobiliario	1.741,86
135.63200	Protección civil. Investimento de reposición en edificios	10.782,31
151.22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	568,70
1532.21000	Vías urbás. Conservacións	5.541,09
160.21000	Saneamento. Conservación	1.996,50
160.61900	Saneamento. Investimento de reposición	96.000,00
163.22715	Limpeza viaria. Servizo de limpeza	35.929,34
163.62500	Limpeza viaria. Mobiliario	5.136,06
165.61900	Alumeadado público. Investimento de reposición	101.285,68
171.60900	Parques e xardíns	4.375,97
171.61900	Parques e xardíns. Investimento de reposición	16.993,44
1722.22104	Praias. Vestiario	6.999,01
1729.60000	Outras actuacións medioambiente. Terreos	149.352,00
2310.62100	Asistencia social.	731.722,54
2411.62500	Centro formación. Mobiliario	14.000,00
326.48011	Actuacións complementarias de educación. Subvencións transporte	9.260,00
326.48013	Actuacións complementarias de educación. Subvencións material	2.400,00
337.63200	Instalacións de ocio. Investimento en edificios	76.742,35
342.62200	Instalacións deportivas. Edificios	249.199,50
432.62300	Turismo. Maquinaria	17.800,00
453.61900	Camiños. Investimento de reposición	12.644,50
9201.62300	Brigada de servizos. Maquinaria	10.285,00
TOTAL		1.578.398,48

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
-------------	--------------	---------



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000007

87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	1.578.398,48
TOTAL		1.578.398,48

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

3º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á EXCMA. DEPUTACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DO PROXECTO XANELA ABERTA: PANTALLAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 05/2021, do 24 de maio, que recolle:

<<Solicitud de subvención nominativa á Excma. Deputación para a subministración do proxecto Xanela Aberta: pantallas de información turística.

Único.- Solicitar á Excma. Deputación provincial de A Coruña subvención nominativa para: Xanela aberta: pantallas de información turística, por importe de 45.000 €, correspondente ao 80% do orzamento total da subministración que ascende á cantidade de 56.749,00 € segundo a memoria e prego de prescricións técnicas do proxecto Xanela Aberta, que se aproban, declarando a excepcionalidade e singularidade do proxecto, fomentando o interese público de carácter cultural, social, económico e turístico. Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis oportuno>>.

Debátese o asunto coa intervención da sra. Rodríguez Pena (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE), da sra. García Freire (PP) e da sra. Mouriño Neira (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Único.- Solicitar á Excma. Deputación provincial de A Coruña subvención nominativa para: Xanela aberta: pantallas de información turística, por importe de 45.000 €, correspondente ao 80% do orzamento total da subministración que ascende á cantidade de 56.749,00 € segundo a memoria e prego de prescricións técnicas do proxecto Xanela Aberta, que se aproban, declarando a excepcionalidade e singularidade do proxecto, fomentando o interese público de carácter cultural, social, económico e turístico.

4º.- INCORPORACIÓN DE CAMIÑOS AO INVENTARIO DE BENS.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 05/2021, do 24 de maio, que recolle:

<<Incorporación de camiños ao Inventario de Bens.

Primeiro.- Incorporar os camiños que a continuación se relacionan no Inventario de bens:



Expediente	resolución	Ubicación	referencia catastral	superficie
2019/X998/000286	682/2021, do 25/03/2021	Lugar de Taibó Carnoedo	15076A003090030000EW	575 m2
2020/X999/000118	683/2021, do 25/03/2021	Lugar de Seixeda, Sada	15076A019090070000EE	5.024 m2
2020/X999/000360	685/2021, do 25/03/2021	Lugar Souto da Igrexa, Meirás	15076A028090030000EA	3.241 m2

Segundo.- Facultar ao señor Alcalde para cantos actos sexan precisos para dar cumprimento ao presente acordo. Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis oportuno>>.

O sr. Alcalde refire que no camiño de Taibó, por maior seguridade xurídica, só habendo escrituras do núcleo rural histórico, varíase a proposta, para incluír no Inventario de Bens esa parte de núcleo rural histórico, e non a de rústico.

Debátase o asunto coa intervención do sr. Alcalde, da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Pardo Fafián (PSOE), do sr. García Cotelo (PP), e do secretario accidental.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7 (5 PP e 2 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Incorporar os camiños que a continuación se relacionan no Inventario de bens:

Expediente	resolución	Ubicación	referencia catastral	superficie
2019/X998/000286	682/2021, do 25/03/2021	Lugar de Taibó Carnoedo	15076A003090030000EW	575 m2
2020/X999/000118	683/2021, do 25/03/2021	Lugar de Seixeda, Sada	15076A019090070000EE	5.024 m2
2020/X999/000360	685/2021, do 25/03/2021	Lugar Souto da Igrexa, Meirás	15076A028090030000EA	3.241 m2

Segundo.- Facultar ao señor Alcalde para cantos actos sexan precisos para dar cumprimento ao presente acordo.

5º.- SUSPENSIÓN TEMPORAL ORDENANZA FISCAL 16.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 05/2021, do 24 de maio, que recolle:

<<**Suspensión temporal da Ordenanza Fiscal 16.**

Único.- A suspensión temporal da Ordenanza Fiscal nº 16, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, ata o 09/08/2021.

Debátase o asunto coa intervención da sra. Rodríguez Pena (BNG), da sra. Pardo Fafián (PSOE), da sra. Salorio Porral (PP), da sra. Taibo Fernández (SM), da sra. Nogareda Marzoa (AV) e do sr. Alcalde.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:



Único.- A suspensión temporal da Ordenanza Fiscal nº 16, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, ata o 09/08/2021.

Contra as vinte e unha horas e dez minutos abandona a sesión telemática o sr. Tellado Villares (PP).

6º.- ESTUDIO DE DETALLE PARA O AXUSTE DE ALIÑACIÓNS DE VIAL PÚBLICO EN MOSTEIRÓN, 9 – MOSTEIRÓN REFERENCIA CATASTRAL 000401100NH59H0001QJ.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 05/2021, do 24 de maio, que recolle:

<< *Estudio de Detalle para o axuste de aliñacións de vial público en Mosteirón, 9 - Mosteirón. Ref catastral 000401100NH59H0001QJ.*

Primeiro.- Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle para o axuste de aliñacións de vial en Mosteirón 9, na parroquia de Mosteirón (documento de outubro de 2020), promovido por Juan Rodríguez Couce e Antonia Fernández Sabio, coa seguinte condición: Os propietarios das parcelas están obrigados á conservación e mantemento das obras de urbanización do vial durante o prazo de cinco anos a contar desde a recepción das obras polo Concello.

Segundo.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e inscribir o Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis oportuno>>.

Debátese o asunto coa intervención do sr. Alcalde, da sra. Pardo Fafián (PSOE) e da sra. Salorio Porral (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 4 (4 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle para o axuste de aliñacións de vial en Mosteirón 9, na parroquia de Mosteirón (documento de outubro de 2020), promovido por Juan Rodríguez Couce e Antonia Fernández Sabio, coa seguinte condición: Os propietarios das parcelas están obrigados á conservación e mantemento das obras de urbanización do vial durante o prazo de cinco anos a contar desde a recepción das obras polo Concello.

Segundo.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e inscribir o Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

7º.- CONVENIO URBANÍSTICO PARA A EXECUCIÓN DE VIAL PÚBLICO EN MOSTEIRÓN, 9 – MOSTEIRÓN REFERENCIA CATASTRAL 000401100NH59H0001QJ.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 05/2021, do 24 de maio, que recolle:

<< **Convenio urbanístico para a execución de vial público en Mosteirón, 9 - Mosteirón. Ref catastral 000401100NH59H0001QJ.**

Único.- Aprobar o texto definitivo do Convenio urbanístico para a execución de vial público en Mosteirón, 9 - Mosteirón. (referenza catastral 000401100NH59H0001QJ), que para o seu perfeccionamento e efectos deberá ser asinado por D. Juan Rodríguez Couce e Dona Antonia Fernández Sabio.

Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis oportuno>>.



Debátase o asunto coa intervención do sr. Alcalde, da sra. Pardo Fafián (PSOE) e da sra. Salorio Porral (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 4 (4 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar o texto definitivo do Convenio urbanístico para a execución de vial público en Mosteirón, 9 - Mosteirón. (referenza catastral 000401100NH59H0001QJ), que para o seu perfeccionamento e efectos deberá ser asinado por D. Juan Rodríguez Couce e Dona Antonia Fernández Sabio.

8º.- CONTROL DE ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 26 de abril (núm. 900) ata o 21 de maio do 2021 (núm. 1166).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 26 de abril (núm. 900, do expediente [2021/G003/000949](#)) ata o 21 de maio do 2021 (núm. 1166, do expediente [2021/G003/001228](#)), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

B.- Mocións.

B.1.- Moción do grupo municipal do PP de mellora da Praia de Morazón.

Consta unha moción presentada polo grupo municipal do PP, que literalmente sinala:

<<Dña Soraya Salorio Porral, con documento nacional de identidade número 32.450.502D, Portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Ayuntamiento de Sada, domiciliada en Seixeda - Osedo 28, CP 15168 Sada, en nombre y representación del mismo, en base a lo dispuesto en el art. 64.1 del R.O.M, en tiempo y plazo oportunos para su debate y aprobación si procede por el pleno de esta corporación, presenta la siguiente:

MOCIÓN PARA MEJORAR EL ACCESO A LA PLAYA DE MORAZÓN EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El anuncio realizado el mes pasado por el ente público Aguas de Galicia relativo a que acometerá la “Ampliación de la estación depuradora de aguas residuales EDAR de Sada”, financiando el 100% de su coste la Xunta de Galicia (más de diez millones de euros) supone en sí mismo una magnífica noticia para Sada, pero a su vez, una oportunidad para mejorar el acceso de los vecinos a la playa de Morazón.

Actualmente el acceso a la playa de Morazón solo es posible desde el mar y desde el barrio de Fontán a través de una empinada y estrecha escalera apoyada en la roca que salva un desnivel aproximado de veinte metros.

Dicho camino no solo “no es accesible” sino que además es imposible para muchos vecinos. Todo sin considerar que el acceso a Fontán desde el Puerto tampoco es accesible.

Considerando la Delimitación de Usos Portuarios, que en 2012 reservó el espacio necesario, lo que proponemos es que aprovechando la ampliación anunciada de la EDAR, realizar una comunicación accesible a la Playa de Morazón desde el Puerto.

En la recreación adjunta puede observarse una propuesta que consiste en una pasarela de madera apoyada sobre la nueva escollera, que a la altura de la Punta de Fontán, en su tramo más estrecho, vuela hacia ella atravesándola mediante una perforación en roca (túnel) de unos nueve metros de longitud, abriendo la perspectiva de la playa. Una rampa de madera con suave pendiente desciende hasta el arenal.

Esta propuesta completa con un aparcamiento de bicicletas, con un aseo portátil, con un conjunto de duchas y otro de recogida de residuos.

Considerando que esta propuesta requiere la autorización de la Demarcación de Costas, La Dirección xeral de Patrimonio Cultural, de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de Portos de Galicia, y la colaboración de Aguas de Galicia, por ello se propone al pleno el siguiente:

ACUERDO

Primero.- La redacción de un anteproyecto para mejorar el acceso a la playa de Morazón aprovechando la ampliación de la EDAR.

Segundo.- Facultar al Alcalde a realizar las gestiones necesarias con Aguas de Galicia y demás administraciones implicadas>>.

A sra. García Freire xustifica a urxencia da moción.



Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 4 PP, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Continúa o debate coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Rodríguez Pena (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE), do sr. Alcalde e da sra. García Freire (PP).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do PSOE, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 7 (6 SM e 1 BNG).
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- A redacción dun anteproxecto para mellorar o acceso á praia de Morazón.

Segundo.- Facultar ao Alcalde a realizar as xestións necesarias con Augas de Galicia e demais administracións implicadas.

B.2.- Mocións do grupo municipal do PSOE sobre a situación da atención primaria.

Consta unha moción presentada polo grupo municipal do PSOE, que literalmente sinala:

<<O Grupo Municipal dos Socialistas de SADA de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre a política do Goberno galego en relación coa atención sanitaria no sistema público de atención primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema sanitario público e universal en España é un dos logros máis apreciados do que se veu a chamar o “Estado de Benestar”, e supón unha das sinais de identidade da socialdemocracia.

Nos últimos tempos a xestión da sanidade pública galega está sendo fortemente criticada. Xa con anterioridade á pandemia o goberno que preside Alberto Núñez Feijóo fora censurado polas principais organizacións sanitarias, ata o punto de ter que cambiar ao conselleiro de Sanidade pola deficiente xestión que arrastraba.

Despois de máis dun ano de pandemia podemos presumir do noso sistema sanitario grazas ao traballo impagable e incansable dos seus e das súas profesionais en canto á atención hospitalaria, a pesares dos déficits de xestión do goberno galego.

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permite estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis preto.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais que verían, dese xeito, menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, facer unha boa promoción de hábitos de vida saudables como eixo fundamental da prevención en saúde, e rehumanizar a asistencia sanitaria dándolle a relevancia que merece ao médico de cabeceira, termo este que débenos lembrar a importancia da cercanía na relación médico-paciente.

A xestión da atención primaria na sanidade pública non gozaba de boa saúde antes da pandemia. A Atención Primaria contaba xa cunha situación moi deficiente sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos anos.

Dende marzo de 2020 a situación desta xestión en atención primaria agravouse exponencialmente, xa que se suspenderon a práctica



totalidade das consultas presenciais.

As barreiras actuais de acceso aos Centros de Saúde de atención primaria xunto ás dificultades mesmo para comunicarse cos profesionais destes centros afecta á saúde da poboación e xera un malestar tanto no persoal sanitario como a nivel social.

No noso Concello a situación é desesperante, como xa o manifestou o noso grupo en diversas ocasións neste Pleno. As queixas da veciñanza son variadas e surrealistas:

- *Liñas telefónicas que, ou comunican continuamente ou non son atendidas, o que obriga á xente a acudir presencialmente a solicitar unha cita telefónica; toda unha paradoxa da ineficacia.*
- *Pacientes con doenzas diversas que son consultados varias veces, e mesmo derivados ao especialista, por teléfono e sen terlles mirado para a cara.*
- *Filas de doentes esperando fóra do Centro de Saúde, mesmo chovendo, porque o acceso ao interior está restrinxido.*
- *E así poderíamos encher varios folios, pero mellor que contar penas é pedir solucións.*

Non podemos nin queremos aguantar máis esta situación imperdoable. Cremos que é necesaria unha reforma integral da Atención Primaria en Galicia para adaptarse ao novo modelo demográfico, pero antes urxe reabrir ao pobo os centros de saúde e dotalos con medios suficientes para solucionar a maior parte dos problemas dos usuarios sen ter que acudir á tan saturada atención hospitalaria.

Polo anteriormente exposto, o pleno do Concello de Sada acorda solicitar á Xunta de Galicia:

1. *A reapertura inmediata dos centros de atención primaria aos doentes limitando as consultas telefónicas aos trámites para os que foron creados, basicamente administrativos.*
2. *A modificación dos orzamentos da Comunidade Autónoma e da Consellería de Sanidade para os vindeiros exercicios coa finalidade de dotar a Atención Primaria dos medios humanos e materiais que sexan necesarios para garantir unha correcta asistencia no noso Concello e en toda Galicia>>.*

O sr. Blanco Montero (PSOE) xustifica a urxencia da súa moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 4 (4 PP).
- Abstencións: Ningún.

Continúa o debate coa intervención do sr. Blanco González (AV), quen fai dúas engádegas; da sra. Rodríguez Pena (BNG), da sra. García Freire (PP) e do sr. Fariña Andrade (SM).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción do PSOE coas dúas engádegas de AV, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 4 (4 PP).
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- A reapertura inmediata dos centros de atención primaria aos doentes limitando as consultas telefónicas aos trámites para os que foron creados, basicamente administrativos.

Segundo.- A modificación dos orzamentos da Comunidade Autónoma e da Consellería de Sanidade para os vindeiros exercicios coa finalidade de dotar a Atención Primaria dos medios humanos e materiais que sexan necesarios para garantir unha correcta asistencia no noso Concello e en toda Galicia, cun investimento, coma mínimo, dun 15% do orzamento en Atención Primaria, sen contabilizar as receitas.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a cumprir co anunciado en decembro do ano 2019, dotando a Sada dun segundo pediatra.

B.3.- Moción do grupo municipal de AV sobre a pranta de reciclaxe no lugar de Paño (Bergondo).



Consta unha moción presentada polo grupo municipal do AV, que literalmente sinala:

<< *María Nogareda Marzoa, voceira do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños de Sada, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico do Concello de Sada, presenta para a súa aprobación polo Pleno esta moción:*

PLANTA DE RESIDUOS NO LUGAR DE PAÑO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De todos é coñecida a pretensión para montar unha planta de reciclaxe de residuos de obra e outros no lugar de Paño de Bergondo. Lindeiro co Concello de Sada.

Está planta prevista para tratar calquera tipo de escombros de obra como metais, vidro, inertes, etc. Pretende situarse nun solo rústico especial protección e afectada polo plan do litoral, ademais dunha zona na que existen diversas vivendas.

Os veciños e veciñas que lindan, especialmente aqueles pertencentes ao Concello de Sada como son os da parroquia de Soñeiro, non están dispostos a admitir a instalación por entender que sería totalmente ilegal, dado que non cumpriría cos requisitos mínimos que se esixen para plantas de residuos.

Este tipo de plantas son xeradoras de rúidos, emisións de gases, po, filtracións nas capas freáticas que contamina os acuíferos. Así como, chegaríase a contaminar o río maior que desemboca na Praia de Sada.

Esta situación conlevaría non só problemas para a veciñanza máis próxima e para as súas vivendas, senón tamén para o resto da contorna, engadíndolle tamén o tránsito constante de camiións á planta, pois este tipo de instalación tan só pode situarse en polígonos industriais e con determinadas condicións especiais.

É alarmante que o promotor, Celso Nuñez, manifestase que lle saíría máis cara a planta se a sitúan nun polígono industrial e que poñéndoa no lugar que se pretende frearía o crecemento desmesurado de xabaris.

É sabido que o Concello de Bergondo aprobou por unanimidade as alegacións contra as pretensións da citada planta e que foron remitidas á Xunta de Galicia na tramitación do expediente por impacto medioambiental que o promotor promove ante o citado organismo.

ACORDOS

Por todo isto propoñemos ao pleno do Concello de Sada:

- 1. Que adopte unha declaración en contra de dita instalación ó igual que o fixo o total da corporación de Bergondo.*
- 2. Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a denegación para a citada instalación en solo rústico de especial protección e afectado polo plan do litoral, cuxo promotor é a empresa, Celso Nuñez SL polos motivos tratados e dado que se demostra que o lugar non cumpre os requisitos necesarios para instalar a citada planta>>.*

A sra. Nogareda Marzoa (AV) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 4 (4 PP).
- Abstencións: Ningún.

A continuación, a sra. Nogareda Marzoa (AV) dá lectura á moción.

Continúa o debate coa intervención da sra. Rodríguez Pena (BNG), da sra. Pardo Fafián (PSOE), da sra. Salorio Porral (PP), quen plantexa unha emenda; do sr. Fariña Andrade (SM) e do sr. Alcalde.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 (4 PP).
- Votos en contra: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Ningún.

Deseguido, procédese á votación da moción do PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.



- Abstencións: 4 (4 PP).

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Que o Concello de Sada adopte unha declaración en contra de dita instalación ó igual que o fixo o total da corporación de Bergondo.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a denegación para a citada instalación en solo rústico de especial protección e afectado polo plan do litoral, cuxo promotor é a empresa, Celso Nuñez SL polos motivos tratados e dado que se demostra que o lugar non cumpre os requisitos necesarios para instalar a citada pranta.

B.4.- Moción do grupo municipal do BNG sobre o proceso de descomposición do actual Consorcio As Mariñas.

Consta unha moción presentada polo grupo municipal do BNG, que literalmente sinala:

<<Isabel Reimúndez Suárez como voceira do GM do BNG ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do ROM, presenta a seguinte:

MOCIÓN : Relativa ao proceso de descomposición do actual Consorcio As Mariñas co obxecto asegurar a prestación futura dos actuais servizos municipais consorciados

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual modelo de xestión consorciada dos servizos de recollida de lixo e servizos sociais especializados que ven prestando o Consorcio As Mariñas nos últimos 20 anos corren serio perigo de desaparición.

O abandono efectivo por parte do concello de Arteixo, o anunciado estes días polo concello de Culleredo e os amagos máis ou menos explícitos doutros concellos, comprometen moi seriamente a continuidade da prestación de servizos básicos para a poboación co modelo que se veu desenvolvendo nas últimas dúas décadas.

Diante desta nova división entre os concellos integrantes do Consorcio das Mariñas, é necesario explicar as consecuencias, os incrementos que previsiblemente poidan producirse nas taxas que se viñan cobrando, así como os motivos desta disgregación é que modelo alternativo se ofrece.

O BNG sempre apostou pola creación dunha área metropolitana para a Coruña e comarca, consideramos negativo secundar calquera fórmula que afonde na división existente, rexeitamos solucións provisórias e moito menos apoiaremos a atomización buscando solucións individuais ou en forma de “microconsorcios”.

Resulta inaprazábel que A Coruña se implique exercendo o seu liderado no proceso de integración comarcal e tamén a Xunta de Galiza debe exercer as competencias plenas na ordenación territorial do país, avanzando na tan prometida comarcalización e na creación da Área Metropolitana coruñesa, rexeitando posturas isolacionistas como a protagonizada polo alcalde de Arteixo.

A creación dunha área metropolitana na que se integren os concellos que libremente así o decidan xeraría unha realidade administrativa cun enorme potencial poboacional, económico e social, permitindo facer unha maior e mellor xestión dos servizos públicos, abarataría custos e serviría para superar os personalismos e localismos que neste momento están a disgregar o Consorcio As Mariñas.

O BNG en modo algún secundará aventuras excluíntes que afonden nunha división incomprensíbel para a cidadanía, apelamos aos ideais que a comezos de século guiaron, coa participación nacionalista, a constitución do actual Consorcio: “servir con obxectividade os intereses públicos conforme aos principios de eficacia e servizo aos cidadáns”, como rezan os vixentes estatutos.

Por todo elo propoñemos ao pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da corporación municipal do Concello de Sada, acorda instar ao Consorcio As Mariñas a que celebre unha assemblea urxente, pública, con presenza de medios de comunicación, na que se expliquen os motivos que levaron á súa fragmentación, as súas consecuencias e a adopción das medidas necesarias para garantir a prestación dos servizos consorciados sen merma da súa calidade nen aumento do seu importe>>.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).

- Votos en contra: Ningún.



- Abstencións: 4 (4 PP).

Continúa o debate coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Pardo Fafián (PSOE), da sra. Salorio Porral (PP), do sr. Alcalde e da sra. Rodríguez Pena (BNG).

Deseguido, procédese á votación da moción do PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6 (4 PP e 2 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Único.- O Pleno da corporación municipal do Concello de Sada, acorda instar ao Consorcio As Mariñas a que celebre unha asemblea urxente, pública, con presenza de medios de comunicación, na que se expliquen os motivos que levaron á súa fragmentación, as súas consecuencias e a adopción das medidas necesarias para garantir a prestación dos servizos consorciados sen merma da súa calidade nen aumento do seu importe.

B.5.- Moción do Goberno Municipal relativa á privatización da fachada marítima da Coruña.

O sr. Blanco González (AV) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 4 (4 PP).

A continuación, o sr. Blanco González (AV) dá lectura á moción:

<<Isabel Reimundez Suárez, voceira do grupo municipal do BNG, Xosé Fernando Fariña Andrade voceiro do Grupo Municipal Sadamaioría e María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ao abeiro do art. 64 do ROM presentan a seguinte

MOCIÓN

Relativa á privatización da fachada marítima de A Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 2017 a cidadanía, xunto ao tecido asociativo, sindical e político da cidade e area metropolitana da Coruña, saímos as rúas aglutinando a 5.000 persoas baixo o lema “non á venda e privatización da fachada marítima, A Coruña non se vende, non á especulación”. Catro anos despois, todas as reclamacións expostas seguen pendentes.

Cremos nun novo horizonte portuario baseado nos seguintes principios: titularidade e xestión públicas dos terreos, equipamentos, zonas verdes e espazos libres; o porto como motor económico e de emprego; usos produtivos portuarios e complementarios non contaminantes, vencellados á economía azul, a economía do mar tendo como criterio xeral a desafectación unicamente do que non sexa necesario para a actividade portuaria. Queremos construír un novo modelo de cidade pensada para as persoas, que integre a fachada marítima na cidade, respectuoso co medio ambiente e con atención á mobilidade e á inclusión social. Este novo modelo de cidade recuperaríase o bordo litoral a escala urbana e metropolitana, protexendo a fachada histórica, a visibilidade do mar e o patrimonio público, mediante estratexias de sustentabilidade ambiental e social nas actividades que aquí se localicen, rexeitando polo tanto a construción de uso residencial nos peiraos desafectados.

O deseño dos usos dos peiraos interiores debe realizarse dun xeito transparente e participativo, que facilite a implicación da cidadanía. Neste senso, consideramos esencial o establecemento de mecanismos de participación para recoller as opinións de organismos empresariais e sindicais, institucións e entidades veciñais, cívicas e culturais entre as que debería ter un lugar destacado, ademais a reordenación urbanística debe servir, sempre partindo da base de titularidade pública dos mesmos, para unha maior integración entre o porto e a cidade.

Tras o gran esforzo de investimento realizado, débese aspirar á plena operatividade do porto exterior e con iso a obtención de recursos ordinarios por parte da Autoridade Portuaria para garantir os ingresos de explotacións suficientes e a solvencia económico-financieira. Isto esixe a execución inmediata da conexión ferroviaria en Punta Langosteira, cuxa declaración de impacto Ambiental caducará neste Xuño de 2021.

É por iso que as organizacións políticas e sindicais, e as asociacións veciñais, cívicas e culturais, estamos de acordo sobre a problemática da reordenación do borde litoral da Coruña e defendemos de novo as seguintes cuestións:

ACORDO



- 1) A condonación total do préstamo de Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior, mediante a inclusión das partidas correspondentes nos Orzamentos Xerais do Estado, rexeitando as “medidas de flexibilización” da débeda até 2035, como as anunciadas, ou a privatización e venda dos terreos portuarios para o pago desta.
- 2) A constitución dun Consorcio ou ente público coa participación da Autoridade Portuaria da Coruña, Portos do Estado, Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Xunta de Galicia, ADIF e Concello da Coruña para a xestión do novo borde litoral, no que o Concello teña garantida a participación suficiente para ter voz e voto na definición dos seus usos.
- 3) A licitación do acceso ferroviario ao porto exterior de Punta Langosteira antes do vindeiro mes de xuño e a súa adxudicación antes de que remate o ano 2021, co compromiso firme do Ministerio de Transportes de que, de non conseguirse financiamento a través de fondos europeos, a execución estará asegurada nos orzamentos do Estado, tal e como aprobou unanimemente o Parlamento Galego o 24 de marzo de 2021.
- 4) A reordenación urbanística e de usos dos terreos portuarios, deixando sen efecto os convenios de 2004 e o planeamento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013, formalizando un novo convenio interadministrativo e de planeamento no prazo de seis meses, coa seguinte modificación puntual do PXOM-2013.
- 5) Apertura ao público do peirao de Transatlánticos, garantindo as medidas de seguridade obrigatorias por lei, así como dos peiraos de Batería e Calvo Sotelo, segundo vaian quedando libres de actividade portuaria>>.

Continúa o debate coa intervención da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen achega unha emenda; da sra. Salorio Porral (PP), quen achega outra emenda; da sra. Nogareda Marzoa (AV).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 (4 PP).
- Votos en contra: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Ningún.

Deseguido, debatido o asunto, procédese á votación da emenda do PSOE, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 2 (2 PSOE).
- Votos en contra: 7 (6 SM e 1 BNG).
- Abstencións: 6 (4 PP e 2 AV).

A sra. Nogareda Marzoa (AV) indica que se abstén nas dúas votacións, cambiando o voto emitido con anterioridade.

Deseguido, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 SM, 1 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 2 (2 PSOE).
- Abstencións: 4 (4 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- A condonación total do préstamo de Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior, mediante a inclusión das partidas correspondentes nos Orzamentos Xerais do Estado, rexeitando as “medidas de flexibilización” da débeda até 2035, como as anunciadas, ou a privatización e venda dos terreos portuarios para o pago desta.

SEGUNDO.- A constitución dun Consorcio ou ente público coa participación da Autoridade Portuaria da Coruña, Portos do Estado, Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Xunta de Galicia, ADIF e Concello da Coruña para a xestión do novo borde litoral, no que o Concello teña garantida a participación suficiente para ter voz e voto na definición dos seus usos.

TERCEIRO.- A licitación do acceso ferroviario ao porto exterior de Punta Langosteira antes do vindeiro mes de xuño e a súa adxudicación antes de que remate o ano 2021, co compromiso firme do Ministerio de Transportes de que, de non conseguirse financiamento a través de fondos europeos, a execución estará asegurada nos orzamentos do Estado, tal e como aprobou unanimemente o Parlamento Galego o 24 de marzo de 2021.



CUARTO.- A reordenación urbanística e de usos dos terreos portuarios, deixando sen efecto os convenios de 2004 e o planeamento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013, formalizando un novo convenio interadministrativo e de planeamento no prazo de seis meses, coa conseguinte modificación puntual do PXOM-2013.

QUINTO.- Apertura ao público do peirao de Transatlánticos, garantindo as medidas de seguridade obrigatorias por lei, así como dos peiraos de Batería e Calvo Sotelo, segundo vaian quedando libres de actividade portuaria.

C.- Rogos e preguntas.

O sr. Blanco Montero (PSOE) pregunta en relación á modificación do ROM, en qué punto se atopa o expediente.

A sra. Taibo Fernández (SM) respóndelle que se iniciou o expediente, pero non lles deu tempo a ter o expediente completo.

O sr. Alcalde dille que non estaba completo, porque non ten os informes.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula os seguintes rogos e fai as preguntas seguintes:

1º) Roga, en relación cunhas obras en Barrié de la Maza, que se retire o valado se remataron as obras.

O sr. Fariña Andrade (SM) dille que se desprenderon cascotes da fachada dun edificio.

2º) Roga ao sr. Alcalde que, como indica o trámite na sede electrónica do concello, o silencio da comunicación previa da actividade ten carácter de silencio negativo e non positivo, polo que se corrixa porque figura que é positivo.

3º) Rógalle ao sr. Alcalde que, dado que a comunicación previa non é un acto administrativo, senón un acto do solicitante, polo que os solicitantes non contan cun título habilitante, polo que non contan cunha licenza que goce de presunción de validez, e dille que entre 2020 e xaneiro de 2021 o sr. Alcalde notificou varios requirimentos a locais de hostalaría, que tiñan presentado unha comunicación previa de cambio de actividade e que non cumprían cos requisitos legais para facer o pretendido cambio, dándolles quince días hábiles de prazo, para emendar a deficiencia, e teríaselles por desistidos previa resolución ditada ao efecto que declarase a ineficacia; lembra que isto foi o que declarou na sesión plenaria anterior; rectifique a resposta da sesión plenaria anterior.

4º) Roga que se traia a Pleno, o máis axiña posible, o orzamento municipal.

1ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde se hai algún local de ocio nocturno que tería que estar pechado e estivo aberto, mentres que outros estiveron pechados.

O sr. Alcalde dille que se tiñan presentada a declaración responsable para cambio de licenza poderían abrir, noutro caso, iría a policía a denunciar.

2ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde que, logo do 18 de maio ditar a declaración de ineficacia en varios expedientes, que impide o desenvolvemento da actividade e instar unha nova solicitude nun período entre 3 meses e un ano; está a tomar medidas para o cumprimento das resolucións respectivas.

4ª) Pregunta se están todas as concesións administrativas actualizadas e regularizadas.

5ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde se sabe que hai unha nova denuncia contra el, e outra contra un axente, por todo o que está a sinalar aquí, por unha denuncia dun hostaleiro de Sada, que foi ao xulgado, porque non lle recolleron a denuncia.

O Alcalde respóndelle que é así porque non había indicios penais.

6ª) Pregúntalle á sra. Nogareda Marzoa (AV) se, co que ocorre no departamento de Urbanismo, que non é normal, por culpa do responsable político, non dos funcionarios, vai seguir mantendo ao sr. Alcalde.



A sra. Nogareda Marzoa (AV) fala de que é un tema o suficientemente delicado, para reunirse e ver por qué chegaron a esa situación, que é violenta, pide desculpas, porque hoxe non ten o día máis despexado posible, non é unha xustificación. Di que non se fixeron as cousas con eficacia e con eficiencia, que non actuaron da mellor maneira, deben practicar a empatía, que lles está a levar a unha situación moi violenta, pide perdón pola parte que lle toca, por non ter actuado antes, ou da mellor maneira, non vai mirar para outro lado, e non o vai facer cando considere que non é o adecuado, non vai nunca defender o que considere indefendible, e que precisa documentarse.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) dille que entende que debe documentarse antes de responder, que o perdón está ben, pero que como ela sabe, se lle advertiu ao sr. Alcalde que se estaban facendo mal as cousas coas terrazas, e non se pode xogar co pan dos veciños, nin co pan dos membros da Corporación. E iso mesmo que fixo coas terrazas o está a facer agora co ocio nocturno, non se pode actuar así, hai que ser transparentes, claros e cumprir a norma, e se non nos gusta a norma, cambiala.

O sr. Fariña Andrade (SM) sinala que están na quenda de preguntas.

O sr. Alcalde dille que faga outra pregunta.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) considera que esta é a imaxe que tampouco se debe dar, e que o conveniente sería convocar unha xunta de voceiros.

A sra. García Freire (PP)) formula un rogo e fai a pregunta seguinte:

1º) Roga que se pode falar pouco e claro.

1ª) Pregunta se os váteres metálicos do paseo marítimo son para todos os públicos nos aseos públicos á carón das pistas polideportivas.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que os váteres de porcelana eran rebentados cada pouco tempo, e decidiron poñer unha placa turca.

A sra. Salorio Porral (PP)) formula un rogo e fai a pregunta seguinte:

1º) Roga que atendan a solicitude dos veciños de Vilar, en Meirás, que se atopa co asfalto triturado e as fochas polo tránsito de camións ao punto limpo, para acondicionar o firme desa estrada.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que tan pronto poidan, a arranxarán.

1ª) Pregunta, en relación co millón e medio de sobrecusto da expropiación da escola infantil e do centro de día en Mondego; se o Concello de Sada non vai facer algunha investigación sobre responsabilidades.

O sr. Alcalde dille que investigarán e agradece que se alegren de reducir ese custe.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 45 minutos do día xoves 27 de maio do 2021, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.